



INFORME DA SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS INFRAESTRUTURAS DE SOPORTE E OS ESPAZOS DE RESERVA PARA O DESPREGAMENTO DE REDES DE COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS EN ÁREAS EMPRESARIAIS PROMOVIDAS POLAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DE GALICIA

En cumprimento do disposto no artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respecto do *proxecto de decreto polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en áreas empresariais promovidas polas Administracións Públicas de Galicia*, esta Secretaría Xeral emite o preceptivo

INFORME

1.- Marco normativo

A Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, ditouse respectando a competencia exclusiva do estado en materia de telecomunicacións (artigo 149.1.21º da Constitución Española), en exercicio das competencias recoñecidas constitucionalmente ás comunidades autónomas en materia de fomento do desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma dentro dos obxectivos marcados pola política económica nacional –artigo 148.1.13º da Constitución española–, en materia de ordenación do territorio, urbanismo e vivenda –artigo 148.1.3º da Constitución española–, en materia de protección ambiental –artigo 149.1.23º da Constitución española– e en materia de patrimonio monumental de interese para a Comunidade Autónoma –artigo 140.1.28º da Constitución española, e a ao abeiro das competencias da nosa Comunidade Autónoma recollidas no Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, en materia de fomento e planificación da actividade económica de Galicia de conformidade coas bases e a ordenación da actuación económica xeral (artigo 30.1.1), a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda (artigo 27.3), normas adicionais sobre a protección do medio ambiente e a paisaxe (artigo 27.30) e en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese para Galicia (artigo 27.18).

O proxecto obxecto deste informe dítase en desenvolvemento do previsto no artigo 10 da Lei 3/2013, do 20 de maio, no que se establece que,

“Artigo 10. Infraestruturas de telecomunicacións en obras públicas





1. Os proxectos de obra pública promovidos polas administracións públicas de Galicia no ámbito das súas respectivas competencias deberán prever, na forma que regulamentariamente se determine, a instalación de canalizacións relativas aos servizos de comunicacións electrónicas, así como a reserva de espazos adecuados para equipamentos de telecomunicacións e para localizacións de radiocomunicacións.

Enténdese por obra pública, para os efectos desta lei, o resultado dun conxunto de traballos de enxeñaría civil destinados a satisfacer necesidades colectivas e implantar usos ou servizos públicos que teñan por obxecto un ben inmovible, tanto se se trata de obras de nova planta coma de transformación, restauración ou reforma. Nestes últimos casos, é obra pública se o conxunto de traballos que se van realizar é de tal entidade que comporte unha variación substancial do inmovible que constitúe o seu obxecto.

2. As infraestruturas e as redes de comunicacións electrónicas incorporadas ás obras públicas previstas neste artigo deberanse poñer á disposición dos operadores interesados en condicións transparentes, obxectivas e non discriminatorias. Para a xestión destas redes poderase acudir a calquera das fórmulas previstas na normativa patrimonial que sexa aplicable..”

2. Necesidade, acerto e oportunidade

Respectando o marco normativo xeral en materia de telecomunicacións, a regulación prevista neste proxecto responde á necesidade de facilitar un despregamento máis rápido, ordenado e eficiente das infraestruturas de telecomunicacións en áreas empresariais promovidas polas Administracións Públicas de Galicia, e a tal efecto fixa os criterios de deseño e dimensionamento dos elementos principais das infraestruturas de soporte e espazos de reserva, e establece as prescricións técnicas aplicables a materiais e elementos construtivos. Preténdese, en definitiva, dotar de homoxeneidade e seguridade ás actuacións e proxectos susceptibles de verse afectados.

A Lei 3/2013, do 20 de maio, recolle na súa exposición de motivos que a integración de Galicia na sociedade da información esixe como alicerce fundamental, o desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicacións como canle de acceso da cidadanía e das empresas á sociedade da información.

As redes de telecomunicacións constitúense como o elemento base que permitirá a prestación dos servizos dixitais avanzados precisos para a evolución da actividade empresarial e a este respecto, o Plan de banda larga de Galicia 2020, enmarcado na Axenda dixital de Galicia 2020 e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 1 de





outubro de 2015, considera entre os seus obxectivos a realización de actuacións facilitadoras do despregamento de redes de comunicacións electrónicas.

Ditas actuacións facilitadoras son iniciativas específicas necesarias para acelerar o achegamento das tecnoloxías da información e comunicación ás empresas, así como actuacións facilitadoras do despregamento de redes de comunicacións electrónicas nas áreas empresariais, promovidas polas propias administracións públicas, que permitirán impulsar o desenvolvemento dixital.

Neste contexto, o proxecto de decreto establece o marco normativo para a inclusión das infraestruturas de soporte necesarias para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade nos proxectos de áreas empresariais promovidos polas administracións públicas de Galicia. Con esta regulación fomentárase a creación dunha infraestrutura de soporte única e suficiente, coa finalidade de que sexa compartida polo operadores de redes de comunicacións electrónicas presentes na Comunidade e evitando a duplicidade de esforzos na realización de obras civís e nas canalizacións e instalacións nunha mesma ubicación.

3.- Contido

Con respecto á súa estrutura, o proxecto consta de oito artigos agrupados en tres capítulos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, dúas disposicións derradeiras e un anexo.

O capítulo I contén as disposicións xerais que establecen o obxecto do decreto e o seu ámbito de aplicación, que abrangue os proxectos de obra pública promovidos polas administracións públicas de Galicia. Así mesmo, establece as referencias técnicas básicas e identifica os elementos principais das infraestruturas de soporte para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas, formadas pola infraestrutura pasiva da rede, espazo de reserva e nodo.

O capítulo II ten por obxecto regular as obrigas de execución dos promotores das áreas empresariais no tocante ás infraestruturas de soporte e espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas, así como, a responsabilidade da súa xestión e as condicións xerais de acceso ás mesmas.

O capítulo III ten por obxecto establecer prescricións técnicas, incluíndo os criterios de deseño e dimensionamento mínimos das infraestruturas e espazos de soporte para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas así coma prescricións técnicas aplicables a materiais e elementos construtivos, remitíndose ao anexo para a especificación de criterios. Ditas prescricións técnicas son de observancia obrigatoria na execución dos proxectos das obras públicas no ámbito de aplicación desta norma.





A disposición adicional única concreta a posibilidade de requirir o cumprimento ás entidades de dereito privado dependente dunha administración pública de Galicia que sexan promotoras.

Mediante disposición transitoria única establécese a aplicación das disposicións previstas no decreto aos proxectos en tramitación.

O proxecto incorpora dúas disposicións derradeiras, a primeira relativa á habilitación para o desenvolvemento normativo e a segunda relativa á entrada en vigor.

Finalmente, inclúese anexo no que se establecen os criterios de deseño e dimensionamento das infraestruturas e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en áreas empresariais promovidas polas administracións públicas de Galicia.

3.- Tramitación e procedemento

A tramitación do proxecto realizouse de conformidade co establecido no Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Consta no expediente a documentación xustificativa dos seguintes trámites:

- Acordo de inicio do 20/06/2017
- Memoria xustificativa do 21/06/2017 e nova memoria xustificativa do 14/02/2018
- Memoria económica - financeira do 21/06/2017
- Táboa de vixencias do 21/06/2017
- Memoria trámite consulta previa, do 26/06/2017
- Informe do Servizo de Apoio Técnico, do 3/07/2017
- Aprobación inicial do 4/07/2017
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade, do 13/07/2017
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, do 17/07/2017
- Informe Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, do 18/07/2017
- Informe da FEGAMP, do 3 de agosto de 2018
- Informe da audiencia a interesados do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, do 6/09/2017





- Certificado publicación páxina web, do 22/08/2017.
- Memoria xustificativa das alegacións recibidas e do tratamento dado ás mesmas, do 23/08/2017
- Informe da Asesoría Xurídica, do 23/01/2018 e memoria xustificativa da Amtega, de 14/02/2018, do tratamento dado ás súas observacións.

En virtude do exposto, emítase o presente informe de conformidade cos artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e procede solicitar o ditame do Consello Consultivo de Galicia, segundo do disposto no artigo 12.c) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Santiago de Compostela

O Secretario Xeral da Presidencia

Manuel Galdo Pérez

